

6/37 DESIGNACIÓN DOS/AS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE DÚAS PRAZAS DE ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL, EN QUENDA LIBRE (OEP 2023, Exp. Tecol: 2026/G004/000050.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da xefa da Sección de Organización e Recursos Humanos, do 6 de febreiro de 2026, conformado pola tenenta de alcalde delegada da área respectiva, na parte expositiva do cal se fai constar:

“I. ANTECEDENTES DE FEITO

- Acordo 12/95 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL, PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 6 de marzo de 2024.

- Decreto Nº: 2496/2024, do 19/03/2024, polo que se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de animador/a sociocultural, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2023) que se rexe polas bases específicas aprobadas na Xunta de Goberno Local mediante o Acordo nº 12/95 así como polas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas vacantes.

O dito decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” núm. 088, do 16 de abril de 2024, e extracto deste no “Diario Oficial de Galicia” núm. 99, do 23 de maio de 2024.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo na sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o Acordo 7/184 RECTIFICACIÓN DE DIVERSOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO RELATIVOS Á APROBACIÓN DE BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE DIVERSAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NO QUE RESPECTA Á COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS CORRESPONDENTES PROCESOS SELECTIVOS, figurando no punto:

“DÉCIMO TERCEIRO.- Rectificar o Acordo 12/95 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL PERTENCENTE/S AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 6 de marzo de 2024, de xeito que onde di: “Secretaría/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e contén con formación no ámbito xurídico.”

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8174960492259100671.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-2-2026

debe dicir: "Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue."

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo núm. 125 de 31 de maio de 2024. Sendo publicados os correspondentes anuncios no DOG número 134, de 11 de xullo de 2024 e no BOE núm. 227, do 19 de setembro de 2024.

O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" núm. 46, do 22 de febreiro de 2025.

O 24 de marzo de 2025, rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- O Decreto Nº 5744/2025, do 10/06/2025, resolveu aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 2496/2024, do 19/03/2024, para o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 PRAZAS DE ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023).

O dito decreto foi publicado no BOP de Lugo número 145, do 26 de xuño do 2025.

O 10 de xullo de 2025 rematou o prazo de presentación de emendas.

- O Decreto Nº 9506/2025, do 13/10/2025, resolveu aprobar a lista definitiva do proceso selectivo para o acceso en propiedade a DÚAS PRAZAS DE ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL, PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023).

O dito decreto foi publicado no BOP de Lugo nº 251, do 31 de outubro de 2025.

II. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día 26 de xullo de 2023, adoptou, entre outros, o Acordo 40/607 DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (CORPORACIÓN 2023-2027), modificado polo Acordo 1/284, do 19 de xuño de 2024, en cuxa parte dispositiva figura:

"PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións delegables seguintes:

a) aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, así como a designación de membros integrantes dos tribunais de selección"

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Designación dos/as membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a DÚAS PRAZAS DE ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023), do seguinte xeito:

Presidente:

- Dona María Paz Otero Labrada, animadora sociocultural do Concello de Lugo

Suplente: D.^a Lucía Arrojo Reguera, educadora social do Concello de Lugo.

Vogais:

- Dona Pilar Rodríguez González, xefa de servizo de Benestar Social do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a María del Carmen Flores Ferreiro, xefa de sección do servizo de Benestar Social do Concello de Lugo.

- Don Francisco Fernández Eiros, animador sociocultural do Concello de Lugo

Suplente: D.^a Consuelo Rodríguez Bao, animadora sociocultural do Concello de Lugo.

- Dona María Concepción Castro-Gil Iglesias, xefa de servizo de Fiscalización Previa do Concello de Lugo.

Suplente: D. Pedro Fernández Agustí, xefe de servizo de Control Financeiro do Concello de Lugo

Secretario/a:

- Dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: D. Justo Díaz Rodríguez, vicesecretario accidental do Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Notifíquelles este acordo aos/ás interesados/as facéndose constar que este acto pon fin á vía administrativa e que contra este se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac8174960492259100671.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-2-2026

públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.